

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A FUNDACIÓN ONCE PARA A COOPERACIÓN E INCLUSIÓN SOCIAL DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE CO OBOXECTIVO DE DESENVOLVER A ACCESIBILIDADE UNIVERSAL NO CAMIÑO DE SANTIAGO.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Fundación ONCE o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular as bases de colaboración de ambas as partes para a promoción do turismo accesible no Camiño Francés, promovendo a accesibilidade universal e a aplicación dos criterios do deseño para todas as persoas, especialmente nos albergues, a través do proxecto “Camiño de Santiago: “O teu Compañeiro do Camiño”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia ten como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago. Así mesmo, no artigo 9 dos Estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, establécense entre as súas funcións ou competencias a dirección das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago.



Segundo.- A Fundación ONCE, constituída por acordo do Consello Xeral da Organización Nacional de Cegos de España (ONCE) de data 28 de xaneiro de 1988, e aprobada e cualificada como entidade de carácter benéfico-asistencial polo entón Ministerio de Asuntos Sociais, o día 2 de agosto de 1988, ten como obxecto promover o desenvolvemento de programas que fomenten a inclusión social das persoas con discapacidade, fundamentalmente a través do emprego, a formación e a promoción da accesibilidade universal e o deseño para todas as persoas.

Quinto.- O Plan Estratéxico do Camiño de Santiago 2015-2021 identifica entre os retos do Turismo de Galicia a mellora da acollida do peregrino para asegurar a satisfacción das súas necesidades tanto físicas como espirituais, o bo trato, a hospitalidade e dar garantías da súa seguridade, integridade e da accesibilidade. Unha das actuacións prioritarias determinadas neste Plan é o Camiño de Santiago accesible, e co obxectivo de poñer en marcha esta actuación estratéxica, a Axencia Turismo de Galicia elaborou o Plan de Accesibilidade do Camiño de Santiago que está na liña do Plan de Accesibilidade Turística de Galicia, co fin de fomentar no Camiño de Santiago a creación e mantemento dunha oferta turística que se adapte ás necesidades de todas as persoas peregrinas.

Terceiro.- A Fundación ONCE e a Axencia Turismo de Galicia subscribiron un Convenio marco de colaboración con data de 10 de febreiro de 2015 e, cuxa vixencia concluíu o 31 de decembro de 2017, e o seu obxectivo era realizar accións compartidas de soporte ao desenvolvemento e a promoción do Turismo Accesible nas Rutas do Camiño de Santiago. Ambas as partes consideran de interese común seguir traballando en accións destinadas a favorecer a participación de persoas con discapacidade nas Rutas do Camiño de Santiago.

Cuarto.- O proxecto Camiño de Santiago: “O teu Compañeiro do Camiño”, ten como obxectivo proporcionar información turística dun modo accesible para todos os peregrinos, independentemente das súas capacidades funcionais, ao longo de todo o Camiño de Santiago, dotando, neste caso ao Camiño Francés, ruta principal do mesmo declarada Primeiro Itinerario Cultural Europeo, Ben de Interese Cultural e Patrimonio da Humanidade, e ruta máis transitada a Santiago, de maiores cotas de accesibilidade, de modo que a oferta turística adáptese ás necesidades de todas as persoas peregrinas.





Que a través deste convenio, outórgase a Fundación ONCE unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

